

## NORMATIVA DE DEDICACIÓN DO PROFESORADO E DE RECOÑECIMENTO EN POD DE ACTIVIDADES DO PDI PARA O CURSO 2015/16

(Aprobada no Consello de Goberno do 23/01/15)

No Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, aprobado no Claustro de 24 de xullo de 2012 descríbense as compoñentes da actividade académica realizada polo persoal docente e investigador ao longo da xornada laboral. Establécese ademais no regulamento que para o PDI a tempo completo poderán existir criterios de intensificación da actividade do profesorado en tarefas investigadoras ou docentes derivados da lexislación vixente e das normas de aplicación que poida establecer o Consello de Goberno.

O marco legal de dedicación do profesorado universitario está condicionado polo *Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo*, que fixa a dedicación docente do profesorado en función de criterios relacionados cos tramos de investigación. Estes criterios implican certo grado de intensificación docente ou investigadora do PDI, nos termos sinalados no Regulamento de Profesorado.

Con vistas á organización académica do vindeiro curso e tomando como punto de partida a anterior normativa, o Consello de Goberno do 23 de xaneiro de 2015 aproba a presente normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/16.

### 1. DEDICACIÓN DO PROFESORADO.

A dedicación do PDI en **actividade docente básica ou ADB (docencia presencial con repercusión directa en POD)** será:

- En xeral, 240 horas para o profesorado funcionario a tempo completo, profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e outro profesorado contratado a tempo completo, agás axudantes e lectores/as.
- O profesorado con vinculación permanente a tempo parcial terá unha dedicación acorde co seu réxime de dedicación.
- A dedicación en actividade docente básica dos/as axudantes é de 60 horas.
- A dedicación en actividade docente básica do profesorado asociado, interino de substitución e lector será a que resulte en cómputo anual das horas semanais previstas no seu contrato.
- A dedicación en actividade docente básica do persoal contratado en programas de investigación derivados de convocatorias de concorrencia competitiva será, no seu caso, a determinada polas bases das correspondentes convocatorias.

Non obstante, o profesorado permanente a tempo completo poderá estar afectado por

criterios de intensificación determinados pola aplicación do RD-L 14/2012. Establécense 4 tipos distintos de dedicación/intensificación: I (investigadora), R (regular), M (docente intermedia), D (docente). Tomando como referencia a dedicación regular en 240 horas, os restantes tipos seguirán o esquema seguinte:

Ano do último tramo ou ano do contrato permanente para 0 sexenios	0 sexenios	CU 1 a 3 sexenios Resto 1 a 2 sexenios	CU 4 sexenios Resto 3 a 4 sexenios	5 ou 6 sexenios	
2015-2014	240 (R)	—	—	—	
2013		240 (R)	160 (I)	160 (I)	
2012	280 (M)				240 (R)
2011-2008	320 (D)		280 (M)		280 (M)
2007			320 (D)		320 (D)
2006		320 (D)	320 (D)		
2005 ou anterior					

Aos efectos de fixar a dedicación para o curso 2015/16 e de situar ao PDI nalgún dos catro tipos de intensificación establecidos, contabilizaranse os sexenios xa resoltos na data 31 de decembro de 2014.

Estableceranse as seguintes excepcións:

a) Pola idade. O profesorado que teña 65 anos cumpridos ao comezo do curso, e que lle correspondera o tipo D ou M, poderá quedar no tipo R. O profesorado que teña 62 anos cumpridos ao comezo do curso, e que lle correspondera o tipo D, poderá quedar no tipo M.

b) Polo desempeño de cargos académicos que figuran na zona sombreada do apartado 2.6 da presente normativa. Durante o desempeño dese tipo de cargo, o profesorado que lle correspondera o tipo D ou M poderá quedar no tipo R (sen prexuízo do recoñecemento docente que teña asignado polo propio cargo). Unha vez rematado o cargo e perdido o recoñecemento docente, en caso de que a duración do mesmo non fose inferior a un ano, poderá gozar da seguinte excepción por un tempo máximo igual á duración do cargo rematado, e nunca superior a tres anos:

- Durante os dous cursos académicos seguintes poderá evitar o tipo D ou M (no caso que lle corresponderan) e quedar no tipo R.
- No terceiro curso poderá evitar o tipo D (no caso que lle correspondera) e quedar no tipo M.

c) Pola traxectoria académica. O profesorado que acadara un número de sexenios superior á media do seu campo CNEAI e que lle correspondera o tipo D, poderá quedar no tipo M. Neste caso non terán o recoñecemento engadido por sexenios (apartado 2.5).

d) Non se aplicará intensificación docente (tipos D ou M) a aquelas persoas que acrediten impedimentos de tipo administrativo para a solicitude dun sexenio que sexan decisivos no cómputo da súa dedicación.

## 2. RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES DO PDI

### 2.1. Recoñecementos asignados como apoio á actividade docente dos centros

As actividades desenvolvidas polo profesorado no marco organizativo do centro son tamén parte substancial para impartir os ECTS asignados aos estudos de grao. Establécese unha equivalencia en horas de ADB para certas tarefas ou actividades. Estas horas asignaranse ao centro como bolsas de horas que este poderá xestionar para que teñan repercusión no POD do curso 2015/16. A asignación deberá aprobarse en Xunta de Centro e comunicarse á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado debidamente xustificada.

#### a) Apoio á coordinación de cursos:

Atribúese ao centro unha bolsa de horas que o centro poderá asignar como recoñecemento en ADB, de acordo coas peculiaridades dos seus plans de estudos, a aquelas persoas que colaboren na coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos ou calquera outra que considere adecuado. Lémbrese que o recoñecemento individual pola coordinación xeral do título e pola dirección de Traballos Fin de Grao está xa recollida no apartado 2.3. A bolsa de horas dependerá do número de estudantes do centro para o que se tomará como indicador de referencia o número de estudantes de novo acceso ao grao. O centro recibirá **7 horas por cada 10 estudantes de novo acceso ao grao**.

#### b) Apoio á organización dos Traballos Fin de Grao:

Asígnase ao centro unha bolsa de **12 horas por cada 40 estudantes** de novo acceso ao grao.

#### c) Apoio ás actividades de intercambio de estudantes:

A Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso 2013/14. O centro recibirá **5 horas por cada módulo de 8 estudantes** acollidos ao intercambio.

#### d) Apoio aos programas de prácticas extracurriculares:

A Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2013/14. O centro recibirá **1 hora por cada módulo de 4 estudantes** acollidos ao programa de prácticas.

#### e) Apoio á tutela de prácticas curriculares (prácticum):

Tomarase como indicador a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2014/15 (número de estudantes e créditos ECTS das prácticas). Por cada 4 estudantes en función dos ECTS das prácticas, as horas recibidas polo centro serán:

6 ECTS	12 ECTS	18 ECTS	30 ECTS	48 ECTS
1,5 hora	2 horas	3 horas	5 horas	8 horas

## f) Actividades ligadas á xestión da calidade nos centros

A intensidade das tarefas ligadas á xestión da calidade está recollida nos indicadores de Valoración de Actividade Docente dos centros (VAD-C). Tomarase como indicadores da actividade:

- A media durante os cursos 2009/2010 e 2010/11 do indicador do VAD I2C: Xestión e control da actividade docente (rango de 1 a 5).
- A media durante os cursos 2009/2010 e 2010/11 do indicador do VAD I3C: Participación do centro en plans de mellora e innovación docente (rango 1 a 5).
- A entrada de novos estudantes en primeiro curso do grao durante 2014/15.

Asignarase para cada centro unha bolsa de **1 hora de ADB por cada punto** obtido na suma dos indicadores do VAD I2C e I3C en media anual e **por cada 40 novos estudantes de grao**.

Adicionalmente asignarase **3 horas de ADB** multiplicados pola puntuación (entre 0 y 1) do subapartado 135 do indicador do VAD I3C (Plan de acción tutorial) **por cada 40 novos estudantes de grao**.

## 2.2. Recoñecementos asignados como apoio ás titulacións de máster con repercusión en POD

Establécese unha equivalencia en horas de ADB como apoio a tarefas ou actividades relacionadas coa actividade académica do máster: organización dos Traballos Fin de Máster, organización e titorización das prácticas curriculares, actividades ligadas á xestión da calidade, etc. Lémbrese que o recoñecemento individual pola coordinación xeral do título e pola dirección de Traballos Fin de Máster está xa recollida no apartado 2.3.

Asignarase **unha hora por cada 60 ECTS de nova matrícula** no curso 2014/15. A cantidade mínima asignada por este concepto será de 15 horas.

No caso de que no plan de estudos figuren prácticas curriculares, engadirase un recoñecemento en horas de ADB equivalente ao das titulacións de grao por este concepto, segundo a matrícula do curso 2014/15. A cantidade mínima asignada por este concepto será de 10 horas.

A bolsa de horas resultante asignarase ás Comisións Académicas de Máster (CAM) que a poderán xestionar para que teña repercusión no POD 2015/16.

## 2.3. Recoñecementos asignados como apoio individual á actividade docente

Establécese tamén unha equivalencia en horas de ADB para certas actividades que serán reflectidas directamente no POD do curso 2015/16:

### a) Coordinación

As actividades de coordinación serán recoñecidas de xeito individual ao profesorado que as desempeña. As horas asignadas non poden fraccionarse. O máximo recoñecemento neste apartado será de 60h.

#### a1) Titulacións de grao

Asignaranse **45 horas de ADB** de xeito individualizado ao PDI que desempeñe a coordinación de cada unha das titulacións de grao.

#### a2) Titulacións de máster

Establécese un recoñecemento de **30 horas de ADB** pola coordinación das titulacións de máster con repercusión completa en POD no curso 2015/16, que será asignado directamente á persoa coordinadora.

#### a3) Programas de doutoramento

Establécese un recoñecemento de **30 horas de ADB** pola coordinación dos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 no curso 2015/16, que será asignado directamente á persoa coordinadora.

### b) Apoio á dirección de Traballos Fin de Grao e Fin de Máster para títulos con repercusión en POD

O recoñecemento será computado directamente ao profesorado involucrado en tarefas de dirección por traballos aprobados no curso 13/14 sempre que este non fose xa computado para o curso 14/15. O recoñecemento, que depende do número de créditos ECTS de cada traballo, será o seguinte:

6 ECTS	9 ECTS	12 ECTS	18 ECTS
4	5	6	8

O número máximo de horas recoñecidas por este apartado é de 32. Exceptuaranse do cómputo de horas para o máximo de recoñecemento os traballos de fin de grao correspondentes ao estudantado de cursos ponte.

### c) Apoio á docencia de materias LRU en extinción

Establécese un apoio para cubrir o esforzo docente nas materias en extinción que, por carecer de docencia, non teñen repercusión directa no POD do curso 2015/16.

Tomarase como indicador de referencia a matrícula en materias sen docencia que requiran avaliación de estudantes no curso 2014/15. As horas asignadas son:

Número de estudantes no curso 2014-15	5 a 20	21 a 50	51 a 100	> 100
<b>Dedución da ADB</b>	1	2	3	6

A dedución será rateada entre o profesorado asignado en POD á materia durante o curso 2014/15.

#### **d) Dirección de Proxectos Fin de Carreira (norma en fase de extinción)**

Asígnanse directamente ao profesorado involucrado **8 horas** de recoñecemento en horas de ADB pola media anual de proxectos fin de carreira dirixidos e defendidos na Universidade de Vigo nos cursos 2012/13 e 2013/14, tendo en conta o número de directores/as, ata un máximo de 60 horas por profesor/a. Exceptuaranse do cómputo de horas para o máximo de recoñecemento os proxectos correspondentes ao estudantado das titulacións a extinguir de enxeñaría técnica industrial.

#### **e) Docencia en inglés**

Ao abeiro do plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 21 de marzo de 2013), establécese un recoñecemento docente en ADB pola impartición en materias en lingua inglesa en titulacións nas que esta lingua non sexa veicular.

No POD do curso 2015/16 computarase un recoñecemento do 25% das horas de docencia impartidas en inglés no curso 2014/15, tras a correspondente acreditación por parte do centro.

#### **f) Atención á estudantes con discapacidade**

Ao abeiro do regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013), o profesorado involucrado na titorización directa de estudantes con discapacidade por encargo da vicerreitoría correspondente, terá un recoñecemento de **30 horas** no POD do curso 2015/16, sempre que este non fose disfrutado no curso 2014/15.

### **2.4. Recoñecemento como apoio ás ensinanzas de posgrao**

#### **a) Titulacións de máster con repercusión en POD**

As comisións académicas dos másteres previstos para o curso 2015/16 aprobarán con anterioridade a súa programación docente (PDA) e o seu POD o reparto das horas contempladas no apartado 2.2. Os recoñecementos individualizados por coordinación do máster e pola dirección dos TFM, segundo se detalla nos apartados 2.3a2 e 2.3b serán asignados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Se non se impartirse algún dos másteres programados, anularase a asignación ao profesorado de horas de POD e a bolsa de recoñecementos (agás a dos TFM xa que esta está xustificada por traballos xa dirixidos).

## b) Titulacións de máster sen repercusión en POD

Os másteres sen recoñecemento en POD poderán solicitar pasar a ter este recoñecemento. A vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado analizará a solicitude e autorizará, se procede, o cambio.

## c) Programas de doutoramento

En canto ao apoio á formación doutoral, mantense o recoñecemento por dirección de teses asignado de xeito persoal, tal como se reflicte no apartado 2.4. Os novos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 terán ademais un incentivo en horas de profesorado xestionadas polas Comisións Académicas en forma de recoñecementos ao profesorado involucrado nos programas. A contía da bolsa dependerá da matrícula de cada programa e da potencialidade para a dirección de teses. É previsible que no futuro a contía da bolsa dependa tamén da posición dos novos programas nas próximas convocatorias de mención de excelencia. O número de horas compútase para o curso 2015/16 do seguinte xeito:

- a) **Cinco horas de ADB por cada estudante matriculado** polo número medio de estudantes matriculados por primeira vez en tutela de tese durante os cursos 2013/14 e 2014/15. Considerarase a data 31 de decembro de 2014 como tope para estes cálculos sen que a bolsa poida ser modificada en función de novas matrículas posteriores a esa data.
- b) Tomarase como segundo indicador o número de teses lidas na Universidade de Vigo durante os cursos 2012/13 e 2013/14 que poidan considerarse, unicamente a estes efectos, computables en cada programa en función da súa temática e sempre que algún dos directores ou directoras da tese estea involucrado/a no programa correspondente. Será a Escola Internacional de Doutoramento da UVIGO (EIDO) a que determinará a vinculación temática de cada tese a un dos novos programas regulado polo RD 99/2011. Esta compoñente da bolsa fomentará os programas con maior masa crítica ou capacidade de agrupación:
  1. Asignaranse **cinco horas por cada unha das 5 primeiras teses** vinculadas ao programa.
  2. Asignaranse **oito horas por cada unha das teses comprendidas entre a sexta e a décima** en cada programa.
  3. Asignaranse **dez horas por cada unha das teses a partir da undécima**.

## d) Teses de doutoramento

A dirección de teses ten un carácter formativo que xustifica un recoñecemento en ADB. Como en anos anteriores, asignaranse aos seus directores/as **10 horas/ano** de

dedución de actividade docente básica por cada tese dirixida e defendida na Universidade de Vigo nos cursos 2011/12, 2012/13 e 2013/14, tendo en conta o número de directoras/es, ata un máximo de 60 horas. Terán o mesmo tratamento as teses dirixidas nun convenio de cotutela asinado pola Universidade de Vigo.

## 2.5. Recoñecemento como apoio ás actividades de investigación e transferencia

O esquema de intensificación establece un reforzo do recoñecemento do labor investigador que ten repercusión directa na capacidade docente do profesorado, e polo tanto no POD. Non obstante consérvanse os seguintes recoñecementos en ADB:

### a) Sexenios

O sexenio é un indicador determinante para a configuración dun status de intensificación investigadora ou docente do profesorado, tal como establece o RDL 14/2012. O status de intensificación investigadora ten o mesmo efecto que unha redución das obrigas docentes en Actividade Docente Básica. Sen embargo débese ter en conta:

- Que a obtención dun sexenio pode ser considerado tamén como unha evidencia do traballo de investigación desenvolvido incluso para o profesorado que non teña acadada a intensificación investigadora prevista no RDL 14/2012.
- Que pode ponderarse a valoración deste esforzo polos datos estatísticos dispoñibles sobre a media de sexenios nos diferentes campos CNEAI.

Establécese o seguinte criterio de recoñecemento en ADB para o profesorado de dedicación R (regular), M (docente intermedia), D (docente) por sexenio dependendo da media dispoñible do campo CNEAI, segundo os sexenios acadados e contabilizados a data 31 de decembro de 2014:

Valor da media	Horas de ADB por sexenio
Media > 2.20	6
2.20 ≥ Media > 1.70	9
1.70 ≥ Media > 1.20	12
1.20 ≥ Media	15

### b) I3 e Manuel Colmeiro

Ao non existir ningún novo financiamento correspondente ao programa I3 nin ao Convenio para o programa de estabilización da Xunta de Galicia (antigo Manuel Colmeiro) manteranse as 30 horas/ano de recoñecemento ás persoas que o disfrutaron en anos anteriores e non acadaron o máximo de tres anos que se



contemplaba nas normativas anteriores. A suma das 30 horas por profesor/a será rateada entre todo o profesorado que obtivo avaliación positiva.

## 2.6. Recoñecemento por cargos académicos ou actividades de xestión

O desempeño de cargos de xestión debe considerarse como unha tarefa que eventualmente realiza parte do profesorado e que implica unha redución nas súas posibilidades de desempeñar outras tarefas docentes e de investigación e transferencia ao longo da súa xornada laboral.

Establécese un sistema proporcional coa seguinte repercusión en actividade docente básica:

CARGOS ACADÉMICOS	Recoñecemento segundo a intensificación		
	I/R	M	D
Reitor/a	240		
Vicerreitores/as e Secretario/a Xeral Presidente/a do Tribunal de Garantías	180		
Comisionados/as	150		
Delegado/a do Reitor/a na CiUG	150		
Directores/as de área	90		
Decanos/as / Directores/as de Centros	120		
Directores/as Departamento	60	70	80
Vicedecanos/as / Subdirectores/as / Secretarios/as de Centro	45	52,5	60
Secretarios/as e Subdirectores/as de Departamento Xefes/as de Sección Departamental	30	35	40
Colaboradores científicos: artigo 19 da Lei da Ciencia	60	70	80
Xestores/as de programas de investigación autónomos.	45	52,5	60
Membros de Comisións de Acreditación ou de Verificación da ANECA.	45	52,5	60
Delegados/as en Centros adscritos	30	35	40
Representantes en institucións	20 (30 por 2 ou máis institucións)		

Sombreado: O profesorado que desempeñe estes cargos e que lles correspondera o tipo M ou D pasará ao tipo R.

## 2.7. Recoñecemento por representación sindical

Será o que corresponda segundo convenios, acordos ou normativas.

## 2.8. Limites dos recoñecementos asignados

### Profesorado a tempo completo e profesorado con vinculación permanente a tempo parcial:

A suma dos recoñecementos de actividade docente básica obtidos nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4 non poderá superar a metade da dedicación determinada pola súa intensificación.

A capacidade final resultante tras aplicar todos os recoñecementos de actividade docente básica (apartados 2.1, 2.2, 2.3, 2.4, 2.5 e 2.6 e 2.7) non poderá ser inferior á cuarta parte da dedicación determinada pola súa intensificación agás os Vicerreitores/as, Secretario/a Xeral, Presidente do Tribunal de Garantías e Reitor/a, que non terán esta limitación e o resto dos cargos que figuran na zona sombreada da páxina 8 para os que a limitación será de 30 horas.

### Outro profesorado a tempo parcial:

A suma dos recoñecementos de actividade docente básica non poderá superar a terceira parte da súa dedicación.

Calquera outra excepción destas limitacións debe ser acordada expresamente en Consello de Goberno.